



**DAVID FIUZA**  
(Director)

David Fiuza Souto nace en 1985 en Vila de Cruces (Pontevedra). Comeza os seus estudos musicais ós 12 anos na escola da Banda Artística de Merza. Houbo dúas persoas moi importantes na súa formación e orientación: Xosé Casal Sueiro e Marcel van Bree.

David Fiuza posúe as titulacións de Grao Superior de Clarinete (Conservatorio Superior de Vigo), e o Grao Superior Bachelor de Dirección de Banda (Hogeschool Zuyd Muzik de Maastricht -Holanda-). Traballou como mestre de clarinete, linguaxe musical, armonía, análise, banda e música de cámara en diversas escolas de música (Merza, Silleda, Touro, Santa Cruz de Ribadulla, etc).

Comeza estudos de dirección ós 15 anos con Marcel van Bree, ampliándoos co propio Marcel van Bree, J.R.Pascual Vilaplana, Jan Cober, Cristóbal Soler, E.G.Asensio e Vicente Egea.

Dirixiu como director convidado programas coa: Banda Municipal da Coruña, Orquesta Sinfónica da Compañía Portuguesa do Ópera, Banda Sinfónica do EJIT 2011 (Lisboa), Banda Municipal de Pontevedra, Banda Municipal de Ourense, Runfunk Blaserorchester de Leipzig (alumno finalista), Serenade Ensemble, Mallorca Saxophone Ensemble.

Foi subdirector, ou dirixiu como director convidado en bandas galegas amateur como (Banda Artística de Merza, Banda Municipal de Silleda, Banda de Música de Valga, Banda de Música de Caldas de Reis, Banda de Santa Cruz de Ribadulla).

Ademáis, dende 2007 ata 2013 foi director titular da Banda Unión Musical de Meaño coa que gaña, entre outros 7 premios máis, a Medalla de Ouro e o galardón de Timbal de Ouro no WMC Kerkrade 2013 (Holanda). Actualmente é mestre e director da Escola de Música Municipal de Meaño, e tamén é seleccionado como profesor asociado do Conservatori Superior de Música de les Illes Balears, sendo director titular do Mallorca Saxophone Ensemble.



**XOCAS MEIJIDE**  
(Clarinete baixo)

Nace en Lalín estudou principalmente con Orentino Sueiro, Joan Enric Lluna, José Luís Estellés, Nancy Braytwaite e Henri Bok. É licenciado superior en clarinete pola "Guidhall School of Music and Drama of London" e polo "Rotterdam Conservatorium", así mesmo ten un "Master en Interpretación en Clarinete" pola Universidade da Coruña e un "Posgrao en Clarinete" e outro en Clarinete Baixo polo Rotterdam Conservatorium (CODARTS) Como solista de ambos instrumentos está considerado como un dos mellores solistas galegos, gañando varios concursos a nivel internacional: Concurso Internacional do Forum de Música de Barcelona 1er.Premio de xurado e público no Concurso de Música de Cámara DeLink (Tilburg)-Holanda, 1er.Premio no Concurso Internacional de Clarinete Baixo "Henri Selmer Bass Clarinet Competition" (Holanda).

Desde a súa mocidade leva tocando nos principais ciclos de mozos como na Fundación Barrié da Maza,e coa "Joven Orquesta" da Sinfónica de Galicia, e xa, a nivel profesional, como Clarinete e Clarinete Baixo na Orquesta de Cámara de Galicia,Orquesta Sinfónica de Galicia e Real Filarmonía de Galicia.

Como concertista tocou coa Orquesta Sinfónica de Galicia,Orquesta de Cámara de Galicia e numerosas veces coa Banda Municipal da Coruña,así como nos principais festivais de Galicia: Cameralia, Festival Internacional de Música de Galicia, Imaxina Sons, etc. No ámbito estatal: "Auditorio Nacional" (Madrid),A Pedrera (Barcelona); e no estranxeiro en países como Cuba, Arxentina, Francia, Portugal, Bélxica, Holanda, China,etc..

Na súa discografía ten varios discos:

*Doubles* (Xingra.com) dobre CD de música contemporánea para Clarinete e Clarinete Baixo só; *Windsongs* (Vienna Modern Masters), música de D.Loeb para dous Clarinete Baixos e para Clarinete e Clarinete Baixo xunto ao prestixioso solista Henri Bok e a Banda Municipal da Coruña; *A Berenguela*

(Xingra.com),un conto de Manuel María, musicada por Nani García, para voz narrada e cuarteto de clarinetes interpretada polo cuarteto "Xerion" e María Inés Cuadrado; *8 Pezas Europeas* (Ezaro edicións),Libro-disco con novela de Quinto Mourelle e música de Roberto Somoza interpretadas pola "Orquesta Voland": *The Wind Factor* (Xingra.com), concerto para Clarinete Baixo solista e Banda composta por Nani García. Apaixonado da Música contemporánea e da Música de Cámara compaxina o seu traballo de Clarinete Baixo na Banda Municipal da Coruña coa súa faceta de concertista cos proxectos:

*Doubles*, música comtemporanea para clarinete e clarinete baixo; *manOcas ensemble* (plataforma de linguaxes sonoras electroacústicos para Clarinetes, Percusión, poesía e electrónica) ,formando por Xocas, Javier Ferreiro e Celso Sanmartín; *Orquesta Voland*, formada por 10 músicos que narra musicalmente, con esencia folclórica, unha viaxe de Bulgaria a España; *Vertixe Sonora* integrado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza, cunha común vontade por desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global que atopan na busca de excelencia artística no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser; *Orquesta de Jazz de Galicia*, orquesta de gran formato co son característico das grandes formacións de Jazz, pero co selo persoal dun repertorio totalmente orixinal e novedoso, esta orquesta consegue facerse cun espazo propio dentro da expresión e a linguaxe do universo jazzístico, coa idea de representar un referente internacional da música moderna e contemporánea de Galicia; *Axente das palabras*, espectáculo poético - musical de María Inés Cuadrado con clarinetes; *8 Sons*, proxecto de cadros sonoros.

## PROGRAMA

### I

#### \* DRILL

(para clarinete baixo e banda)

E. Ziporyn

Clarinete baixo: **Xocas Meijide**

#### \* TRE SENTIMENTI

(para clarinete baixo e banda)

J. Van der Roost

1. *La Gioia (O Xúbilo)*

2. *La Tristeza (A Tristura)*

3. *L'Allegria (A Leducia)*

Clarinete baixo: **Xocas Meijide**

### II

#### SINFONÍA Nº 1

B. Kalinnikov

(arr. Jan Cober)

1. *Allegro Moderato*

2. *Andante commodamente*

3. *Scherzo*

4. *Finale*

\*Interpretada por primeira vez poa BMC

Nota: polo ben de todos prégame desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



## NOTAS AO PROGRAMA

### TRE SENTIMENTI

J. VAN DER ROOST (1956)

Jan Van der Roost, compositor belga, nacido en Duffel. Desde moi mozo foi unha eminencia da composición de música para instrumentos de vento. Foi diplomado en trombón, historia da música e pedagogía musical no conservatorio de Lemmens, e o diploma de composición no Royal Conservatorie de Antwerp. Actualmente traballa como mestre e como director no Lemmens Institute, compaxinando este traballo co mundo da composición.

A obra *Tre Sentimenti* "Tres estados de ánimo para clarinete baixo e banda sinfónica", é unha peza dedicada a Jan Guns e Kaoru Hoshino, escrita en 2005. A obra comeza cunha misteriosa introducción de efectos e atmósferas sonoras; o clarinete baixo toca diversos fragmentos melódicos sen aínda comezar a peza. A continuación, entra o primeiro movemento, subtítulo "O xúbilo", sendo un allegro vivo e animoso, cargado de ritmos irregulares, polirrítmia, e cambios de tempo, tratando de dar unha sensación de falta de estabilidade.

Despois deste rítmico e enérgico movemento, seguirá un movemento moi íntimo que nos trae descanso e paz. A banda xoga aquí un importante papel producindo moitas cores de sonido que dialogan co solista. Neste caso, o solista farános disfrutar con melodías moi líricas, empregando todo o rexistro do seu instrumento. Esta segunda parte, que expresa tristes e íntimos sentimentos, substitúase "A Tristura".

Por último, o terceiro movemento chamado "A Leducia", é o momento máis significativo para o solista, debido ó gran virtuosismo que esixe a súa interpretación. A construción deste movemento consiste en tres ideas musicais, que desembocan nunha cadenza, seguindo a continuación unha reexposición dos temas en sentido inverso.

### DRILL

V. KALINNIKOV (1866-1901)

Evan Ziporyn é un polifacético músico americano. Como instrumentista, toca especialmente o clarinete baixo, inda que tamén toca todos os instrumentos da familia do clarinete, e tamén do saxofón; ademais escribe música moderna para clarinete baixo, case sempre nunha corrente post-minimalista.

En 2002 escribe *Drill*, como encargo da MIT Wind Ensemble, que el mesmo estrena tamén como solista acompañado desta agrupación.

A forma do concerto brota do romanticismo; é unha metáfora de exaltación eroica individual dos compañeiros cos que traballa como mestre de música; nace dun forte desexo de facer música e proxectos cos compañeiros e cos seus instrumentos. O compositor é consciente da dificultade da peza, pois reflicte a propia dificultade diaria coa que él e os seus colegas se atopan neste traballo de didáctica musical. "Drill" tradúcese do inglés como "taladro"; o compositor pensa que esta ferramenta é unha boa metáfora para ilustrar o traballo dun músico: en todo momento hai que tomar decisións e obrar cara a diante, con todas as consecuencias e con moito esforzo e seguridade.

### SINFONÍA Nº 1 en Sol menor

V. KALINNIKOV (1866-1901)

Vasily Kalinnikov foi un compositor ruso, que marca polo nacionalismo romántico da época, escribe sinfonías para orquestra e numerosas cancións influído pola música folklórica rusa. Estudiu fagot e composición no Conservatorio de Moscú; a axuda de Tchaikovsky e Rachmaninov serán moi importantes na súa carreira. Falece de tuberculosis con tan só 35 anos.

A súa primeira sinfonía, escrita en 1894-95, ten un esquema clásico de catro movementos: Un *Allegro*, un *Andante*, un *Scherzo* e un novo *Allegro* final. Inspirada en temas folklóricos rusos, sen embargo faino dunha forma diferente a como o farían outros compositores "nacionalistas rusos", como Borodin a Mussorgsky. Ass melodías son moi pegadizas, a orquestración é exuberante, con toques orientais moi evidentes en algunhas pasaxes, os temas son alegres e desenfadados.

Jan Cober fixo unha profunda investigación sobre esta obra, conseguindo darlle así unha segunda vida en escenarios. O mestre holandés fixo unha moi coitada transcripción, coidando todos os detalles e sutilezas sonoras orixinais da partitura, acadando uns resultados indiscutiblemente fantásticos na versión de banda.

## TEMPADA 2013-2014

PALACIO DA ÓPERA

### Ciclo Inverno-Primavera

#### Marzo 2014

Domingo 2 - 12.15 h.

Domingo 16 - 12.15 h.

Domingo 30 - 12.15 h.

#### Abril 2014

Domingo 13 - 12.15 h.


Domingo 27 - 12.15 h.

## PALACIO DA ÓPERA

2 DE MARZO - 12.15 H.

DIRECTOR CONVIDADO:  
**DAVID FIUZA**

TEMPADA  
2013/2014



**BANDA  
MUNICIPAL DE  
MÚSICA  
DA CORUÑA**

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en [banda@aytolacoruna.es](mailto:banda@aytolacoruna.es)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña